



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO Ó CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e formación Profesional pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORADO**, segundo as normas seguintes:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ó establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres docentes**¹, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección no ano 2018.
- 2.- O censo electoral está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderán presentar a partir do día 4 de novembro ata as 14'00 horas do día **11 de novembro**.
- 4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os docentes de maior e menor idade, actuando este último de secretario/a.
- 5.- Cada docente fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes** da lista de candidatos e/ou candidatas.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro de Profesorado, a tales efectos, para o día **15 de novembro, ás 14:05 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Temple-Cambre, 2 de novembro de 2021

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Antonio Gil Gómez